



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “ENCAIXE NO CAMIÑO” (CAMARIÑAS-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
20-31/07/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental e cultural	12

### LOCALIZACIÓN

Camariñas é un concello da provincia da Coruña e a comarca de Terra de Soneira da Costa da Morte. Está situado nunha península xunto á ría homónima e limita co concello de Vimianzo.



Camariñas posúe outros núcleos de poboación importantes, Camelle e A Ponte do Porto; o primeiro é un porto pesqueiro e o segundo unha vila comercial. Camelle e Arou foron probablemente emplacementsos viquingos durante a Idade Media.

Camariñas é unha vila mariñeira cunha riqueza natural e ambiental diversa, famosa polo seu encaixe de palillos e a súa pesca artesá; amais, conta cun dos faros máis emblemáticos de Galicia.

Camariñas conta con diferentes roteiros, un deles dentro do Camiño Dos Faros; a etapa 5 é a que pasa pola vila.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidade físicas.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O campo de voluntariado apoia o proceso de organización dunha celebración, como é a do Encaixe no Camiño, na cal se resalta o carácter patrimonial da festa.

Os/as participantes colaborarán na planificación, difusión, ambientación, organización e posta en marcha da celebración.

O campo tamén xira entorno á conservación onde se realizarán tarefas de coidado, sinalización e limpeza dos roteiros da zona, dinamización dos roteiros e adecentamento das zonas de lecer.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiro de palillos. O famoso “Encaixe de Camariñas” é unha técnica de encaixe téxtil que consiste en entretecer fíos.
- Obradoiro de pesca artesá.
- Rutas
- Kayak e mergullo de superficie
- Praia



NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

### PUNTO DE ENCONTRO:

O primeiro día a partir das 16.00 h na Casa Cultural de Camariñas (Casa de Pedra), na praza de Insuela, s/n - 15123, Camariñas

### COMO CHEGAR

Para viaxar dende Santiago de Compostela (80 km) a Camariñas por estrada: hai varias posibilidades: [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal), [www.monbus.es](http://www.monbus.es) ou [www.grupoferrin.com](http://www.grupoferrin.com). Tamén se pode ir vía Carballo con [www.aucasabus.com](http://www.aucasabus.com) e logo dende Carballo con [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal).

A Coruña (a 100 km de Camariñas) está conectada pola compañía Arriba ([www.arriba.gal](http://www.arriba.gal)).

### ALOXAMENTO

Será na pensión 4 Ventos

Rúa Muíño do Vento, 71 de Camariñas

[catroventos.net](http://catroventos.net)

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, carné de familia numerosa ou carné de familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “ENCAIXE NO CAMIÑO” (CAMARIÑAS-A CORUÑA)

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

Mochila para rutas

Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo

Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude da Coruña. Tfno.: 881 881 238

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de

Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...